



FISCALÍA SUPERIOR
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE
ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN, INVESTIGACIÓN E
TRATAMENTO ÁS MULLERES VÍTIMAS DE TRATA CON FINS
DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

PRELIMINAR

FUNDAMENTOS

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual (prostitución, turismo sexual, matrimonios servís, compra de noivas por correspondencia...) é un fenómeno que permaneceu practicamente oculto durante anos e que, non obstante, constitúe unha das máis escandalosas formas de redución do ser humano a simple mercadoría e unha das máis graves violacións dos dereitos humanos.

As súas causas hai que buscalas na crecente desigualdade entre os países, na pobreza, na persistencia na discriminación e na imposibilidade de acceder aos recursos nos mesmos termos que o resto da poboación, así como no descoñecemento ou na banalidade con que se trata este problema nos países receptores de mulleres.

A trata de seres humanos para a súa explotación sexual débese abordar desde catro perspectivas:

1. Por unha banda, debe considerarse como un problema de violencia de xénero, xa que a trata constitúe un negocio sexual baseado no corpo feminino como obxecto de consumo.
2. Por outra parte, vinculado ao problema da prostitución, como actividade delituosa que busca lucrarse comerciando coa muller e vulnerando gravemente os seus dereitos e a súa dignidade.
3. Ademais, debe terse en conta que é un fenómeno transnacional, de grandes dimensións, no que están implicadas redes que interveñen tanto nos países de orixe como nos de tránsito e nos de destino.
4. Por último, na persecución deste delito é imprescindible a actuación de varios axentes, tanto xudiciais como policiais, laborais e sanitarios.

CONCEPTO DE TRATA E DE INMIGRACIÓN CLANDESTINA

É importante non confundir o fenómeno da trata de seres humanos (*trafficking in human beings*) co de tráfico ilegal de inmigrantes (*smuggling of migrants*).

A primeira é definida no Protocolo das Nacións Unidas para a prevención, supresión e castigo do tráfico de persoas, especialmente mulleres e nenos, como "o recrutamento, transporte, embarque ou recepción de persoas por medio de ameazas, uso da forza, coacción, engano, fraude, abuso de poder ou de situacións de vulnerabilidade ou mediando pagamento ou beneficio económico na obtención do consentimento dunha persoa para que ceda o control sobre outra co propósito da súa explotación. A explotación inclúe como mínimo a derivada da prostitución e doutras formas de explotación sexual, traballo, ou servizos forzados, escravitude ou prácticas similares, servidume e extracción de órganos".

O segundo é definido no Protocolo de Nacións Unidas contra o contrabando de inmigrantes por terra, mar e aire como o "procedemento para obter directa ou indirectamente un beneficio económico da entrada ilegal dunha persoa nun país do que non é nacional nin residente permanente".

Os factores que nos permiten distinguir ambos os dous fenómenos son os seguintes:

Consentimento: o tráfico ilegal de persoas, malia desenvolverse a miúdo en condicións perigosas ou degradantes, implica o consentimento destas a poñérense en mans dos traficantes. A trata non é consentida ou, de ter mediado consentimento, este obtívose con engano, coacción ou abuso.

Explotación: o tráfico ilegal remata coa chegada ao seu destino das persoas vítimas do tráfico. A trata implica unha posterior explotación da vítima coa finalidade de obter beneficios económicos.

Transnacionalidade: o tráfico ilegal de emigrantes é sempre transnacional, mentres que a trata pode producirse entre distintas zonas dun mesmo país.

REGULACIÓN DA TRATA NO CÓDIGO PENAL ESPAÑOL

En España a LO 11/2003 do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros, pretendeu realizar unha transposición destes postulados internacionais ao noso dereito interno, introducindo o tipo penal do art. 318 bis.

Non obstante, a redacción final do art. 318 bis do Código penal (CP) regula de forma uniforme a trata de seres humanos e a inmigración clandestina, unificando as dúas realidades criminolóxicas, en contra do disposto na normativa internacional.

Esta confusión supón a atribución á trata de mulleres con fins de explotación sexual dun sentido transfronteirizo, de maneira que se esixe que a vítima cruzase a fronteira, cando na normativa internacional, contrariamente ao establecido no art. 318 bis do CP, non se esixe ou paso dunha fronteira, senón que os elementos clave da infracción se centran máis no obxectivo da explotación que no feito de cruzar unha fronteira.

Neste sentido, non se debe esquecer que o día 23.12.2010 entrou en vigor a LO 5/2010, do 22 de xuño, de reforma do Código penal, na que se regula de xeito absolutamente autónomo o delito de trata de seres humanos no seu art. 177 bis, mentres que o delito de inmigración clandestina permanece regulado de forma independente no art. 318 bis do CP.


A principal novidade deste artigo é a eliminación do requisito transfronteirizo, de xeito que tras a entrada en vigor deste precepto, tamén poderán perseguirse como trata de seres humanos con fins de explotación sexual condutas que antes non se podían englobar neste delito, tales como o tráfico de cidadás polo territorio Schengen (especialmente o de búlgaras e romanesas) e a venda ou cesión do control de mulleres entre proxenetas.

Igualmente, na actualidade, producíronse importantes reformas na Lei orgánica de estranxeiría (LOEs), motivadas pola transposición á lexislación española de dúas normas europeas fundamentais. Unha delas, elaborada no marco da Unión Europea, é a Directiva 2004/81/CE do Consello do 29.04.2004 relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas de trata de seres humanos ou que fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal e que cooperen coas autoridades competentes.

A outra, elaborada no marco do Consello de Europa, é o Convenio asinado en Varsovia de loita contra a trata de seres humanos, de data 16.05.2005, ratificado por España en agosto do ano 2009 e publicado no BOE en decembro do mesmo ano.

Froito da necesidade de incorporar a normativa europea, aprobouse a LO 2/2009 do 11 de decembro, que modifica a LO 4/2000 do 11 de xaneiro sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros, que introduciu no seu articulado toda unha batería de medidas de protección de vítimas de TSH no seu art. 59 bis, así como a LO 2/2009, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria internacional.

Como consecuencia da entrada en vigor do novo art. 59 bis da LOEs, a DGPN elaborou unha Instrución, a 1/2010, cuxa finalidade é elaborar un protocolo de actuación eficaz destinado a identificar as vítimas de trata, ofrecerlles a posibilidade de acollérense ao período de reflexión e de colaboraren coa Administración de xustiza na persecución dos culpables, así como de optar entre a obtención dun permiso de residencia e traballo ou ben regresar ao seu país en condicións dignas.



Sobre a base das devanditas novidades, algunhas xa vixentes e outras en período de *vacatio legis*, e co fin de outorgar vocación permanente ao presente protocolo, é preciso concretar que con este instrumento se pretende unha actuación conxunta multidisciplinar dirixida a combater a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, entendendo por tal aquela que así se considere en cada momento na lexislación penal en vigor, e, en todo caso, a trata de persoas procedentes de países estranxeiros non pertencentes ao territorio Schengen que foron trasladadas a este territorio con fins de explotación sexual e ao que accederon de forma clandestina ou ilegal.



ACORDOS E CONVENIOS SOBRE TRATA DE SERES HUMANOS NO ÁMBITO INTERNACIONAL

As principais normas de Dereito Internacional nas que se regula o fenómeno da trata de seres humanos son as seguintes:

- Convenio de Nacións Unidas para represión da trata de persoas e a explotación da prostitución allea, do 02.12.1948.
- Convenio Europeo de Dereitos Humanos de 1950.
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979).

- Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional, realizada en Nova York o 05.11.2000 (Instrumento de ratificación do 21.02.2002 publicado no BOE do 29.09.2003).
- Principios, recomendacións e directrices do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos sobre os dereitos humanos e a trata de persoas, ano 2002.
- Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional (Instrumento de ratificación do 21.02.2002, publicado no BOE do 11.12.2003).
- Protocolo contra o tráfico ilícito de emigrantes por terra, mar e aire, que complementa a Convención das Nacións Unidas contra a delincuencia organizada transnacional (Instrumento de ratificación do 21.02.2002 publicado no BOE do 10.12.2003).
- Directiva 2004/81/CEE do Consello, do 29 de abril, relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas da trata de seres humanos ou que fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal que cooperen coas autoridades competentes.
- Convenio do Consello de Europa do 03.05.2005, para a acción contra a trata de seres humanos.
- Plan da Unión Europea sobre melloras prácticas e normas e procedementos para loitar contra a trata de seres humanos e previla (2005/c 311/01).
- Convención dos dereitos do neno de 1989 e o protocolo facultativo da Convención sobre a convención dos dereitos do neno relativo á venda de nenos, a prostitución infantil e a utilización de nenos na pornografía, 2000.
- Plan de acción da OSCE aprobado polo Consello Ministerial de Maastricht por todos os Estados participantes, incluída España, 2003.
- Resolución lexislativa do Parlamento europeo, do 14 de decembro de 2010, e resolución do Consello da UE do 21.03.2011, sobre a Proposta de Directiva do Parlamento europeo e do Consello relativa á prevención e a loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas, pola que se derroga a Decisión Marco 2002/629/JAI 8 COM (2010) 0095-C7-0087/2010-2010/0065(COD)).

A TRATA DE SERES HUMANOS EN GALICIA: NECESIDADE DE PROTOCOLO

Os informes da Organización de Nacións Unidas consideran que España non actúa como país de orixe, senón que é utilizada nun grao que se cualifica de baixo como país de tránsito e nun grao alto como país de destino, recibindo vítimas procedentes de Colombia, República Dominicana, Nixeria, Rusia, Ucraína, Romanía, Bulgaria, Brasil, Croacia, República Checa, Hungría, Marrocos, Polonia e outros países.

O Plan integral de loita contra a prostitución e a trata de mulleres con fins de explotación sexual, aprobado en decembro do ano 2008, reflicte que unha das zonas con máis tránsito de mulleres vítimas de tráfico procedentes de países suramericanos é o aeroporto de Vigo, desde o que se distribúen por toda a cornixa cantábrica.

Na memoria do ano 2008 da Fiscalía Superior de Galicia recóllese que o número de mulleres identificadas polas forzas de seguridade como vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, porque así o manifestaron en dependencias policiais, ao longo dos anos do 2005 ao 2008 en Galicia, ascende 234.

No entanto, a pesar desta elevada cifra, moi poucos destes testemuños logran reservarse de tal modo que sirvan de fundamento para un escrito de cualificación do Ministerio Fiscal e unha eventual sentenza condenatoria.

A maior parte destas causas acaban arquivándose antes de chegar a xuízo oral, ou ben culminan con sentenza absolutoria ante a ausencia das testemuñas ou polas súas retractacións no dito acto motivadas por medo, ameazas ou pola súa propia situación de desamparo.

Ao longo da instrución destas causas, detectáronse unha serie de problemas que impiden que estas causas penais culminen en sentenza condenatoria e que pasamos a expoñer:

- Aplicación preferente a estas mulleres da Lei de estranxeiría, con incoación de expediente sancionador e posterior expulsión.
- Dificultades na identificación INICIAL das vítimas e necesidade de establecer uns parámetros universais.
- Necesidade do período de reflexión establecido no Convenio do Consello de Europa, sobre a loita contra a trata de seres humanos (Convenio núm. 197 do Consello de Europa) feito en Varsovia o 16.05.2005, así como da Directiva 2004/81/CE do Consello de 20/4/2001 relativa á expedición dun permiso de residencia a nacionais de terceiros países que sexan vítimas da trata de seres humanos ou fosen obxecto dunha acción de axuda á inmigración ilegal e que cooperen coas autoridades competentes, tendo en conta que ambas as dúas normas foron incorporadas ao ordenamento xurídico español pola LO 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da LO 4/2000, do 11 de xaneiro, de dereitos e liberdades dos estranxeiros.
- Necesidade de aplicación na investigación destes delitos das medidas asistenciais e de apoio e integración das medidas previstas no Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, que complementa a Convención das Nacións Unidas, contra a delincuencia organizada transnacional (Instrumento de ratificación do 21.02.2002 publicado no BOE do 10.12.2003).
- Necesidade de coordinación entre autoridades xudiciais e fiscais e membros das Forzas de Seguridade en relación coa instauración de indicadores comúns para identificar as vítimas e outorgarlles os dereitos recoñecidos no Convenio de Varsovia e na Directiva 81/2004/CEE, tal e como prevé o actual art. 59 bis.1 da LOEs, introducido pola LO 2/2009, do 11 de decembro.

- Dificultade nos xulgados para localizar as vítimas ao longo do proceso e preconstituír proba en presenza de letrado/a e do encartado/a.
- Necesidade de coordinación entre os/as investigadores/as penais e as ONG que asisten a estas vítimas en relación coa achega á causa de todos os datos relevantes para a investigación recollidos durante a estancia das vítimas no lugar facilitado, considerando o protagonismo que a LOEs lles outorga no art. 59 bis.6 na súa última redacción dada pola LO 2/2009, do 11 de decembro.

Para a súa redacción tivéronse en conta tanto as ferramentas ofrecidas por la LOEs e RLOEs na súa redacción máis actualizada, tendo en conta as reformas operadas pola LO 2/2009, do 11 de decembro, de modificación da LOEs 4/2000, do 11 de xaneiro, e polo RD 1162/2009, do 10 de xullo, polo que se modifica o Regulamento da LOEs aprobado polo RD 2393/2004, do 30 de outubro, así como as reguladas nos tratados e convenios internacionais mencionados e dentro sempre do marco legal establecido no noso dereito penal nos arts. 313 e 318 bis do CP e no art. 177 bis introducido pola LO 5/2010, do 22 de xuño, de reforma do CP de 1995.

TÍTULO I

OBXECTO E DEFINICIÓNS

1. Obxecto.

O presente protocolo ten por obxecto implementar medidas destinadas a previr a trata de mulleres para a explotación sexual e asistir ás súas vítimas.

2. Definición.

TSH con fins de explotación sexual é o delito que comete quen sexa en territorio español, sexa desde España, en tránsito ou con destino a ela, empregando violencia, intimidación ou engano ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade dunha vítima nacional ou estranxeira, a captase, transportase, trasladase, acollese, recibise ou a aloxase con fins de explotación sexual, incluída a pornografía.

Nas situacións descritas anteriormente, non se terá en conta o consentimento da vítima cando se recorre a calquera dos medios enunciados no parágrafo anterior.

(Redacción acorde co art. 177 bis do CP).

3. Definición de “situación de vulnerabilidade”.

Para os efectos do presente protocolo enténdese por “situación de vulnerabilidade” aquela en que a persoa en cuestión non ten unha alternativa real ou aceptable, agás someterse á explotación.

(Redacción acorde coa Directiva do Parlamento Europeo e do Consello do 14.12.2010 (COM (2010) 0095, C7 0087/2010-2010/0065 (COD) de inminente publicación.

A explotación sexual comprende calquera forma de actividade sexual, xa sexa prostitución, espectáculos pornográficos, escravitude ou servidume por débedas.

4. Definición de “víctima de trata de seres humanos”.

No proceso previo de identificación de vítimas de trata de seres humanos outorgaráselle ou mesmo trato inicial ás potenciais vítimas, é dicir, a aquelas que non recoñeceron a súa condición de vítima pero nas que concorren indicios de TSH, e ás vítimas (é dicir, aquelas que recoñeceron a súa condición de vítima e se acolleron ao período de reflexión ou ben denunciaron).

Para estes efectos, as FFSS informarán as vítimas potenciais dos dereitos dos arts. 59 e 59 bis LOEs, realizaranlles entrevistas reservadas para coñecer a súa situación e cubrirán un test sobre indicadores de ser vítima de TSH.

Se a vítima potencial o consente aplicaráselle as mesmas medidas de acollemento, asistencia, protección e rescate que ás vítimas.

TÍTULO II

DEREITOS E OBRIGAS DAS VÍCTIMAS DA TRATA DE MULLERES

A concesión do estatuto especial de vítima contén unha serie de dereitos e obrigas para a vítima de trata que pasamos a enumerar:

1. Dereitos. Son dereitos das mulleres vítimas de trata:
 - a) Recibir información nun idioma que comprendan.
 - b) Que se lles proporcione aloxamento axeitado e alimentación e se facilite a súa hixiene persoal, e o mesmo para as súas fillas e fillos menores de idade.
 - c) Contar con asistencia psicolóxica, médica e xurídica gratuíta.
 - d) Prestar testemuño en condicións especiais de protección, e así mesmo protección ante toda posible ou efectiva represalia (LO 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais).
 - e) Ser informada das actuacións das medidas adoptadas e das consecuencias do proceso.
 - f) Comparecer como parte, ser oída e que se teña en conta a súa opinión en todas as etapas do proceso.
 - g) Que se protexa a súa identidade e intimidade.
 - h) Iniciar procedementos para a restitución dos seus dereitos e a obtención de indemnización (Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas dos delitos violentos).

- i) Solicitar das autoridades administrativas competentes a aplicación das seguintes medidas (redacción conforme á Instrución 1/2010 da DGPN):
- A concesión dun período de restablecemento e reflexión de polo menos un mes de duración, con suspensión temporal dos expedientes sancionadores ou ordes de expulsión que tivese.
 - Derivación aos servizos asistenciais competentes.
 - Exención de responsabilidade administrativa.
 - Concesión dun permiso de residencia e traballo por motivo de colaboración ou por motivos ou razóns humanitarias. Este permiso obterase en cada caso en atención á lexislación vixente e polas vías legais establecidas, segundo a práctica de cada subdelegación de goberno e a teor do disposto nos actuais arts. 31, 59 e 59 bis LOEs, 45, 46 e 47 do RLOEs (na súa actual redacción), así como nos arts. 6.2 a) e f), 16 a 19 da Lei de asilo, aprobada pola LO 12/2009 do 31 de outubro e 31.3 do Regulamento de asilo.
 - O retorno asistido en condicións de seguridade.

2. Obrigas. Son obrigas das vítimas de TSH con fins de explotación sexual:

- a) A veracidade na invocación da súa condición de vítima de TSH con fins de explotación sexual.
- b) Aceptación das medidas de asistencia e acollida facilitadas no presente protocolo, con abandono do exercicio da prostitución.
- c) Non retomar o contacto cos seus explotadores.
- d) Se opta pola colaboración:
- Persistencia no seu testemuño.
 - Obriga de colaborar de forma leal e non fraudulenta.
 - Obriga de estar localizada e ao dispor do tribunal competente, aínda cando se encontre no seu país de orixe.

A invocación indebida da súa condición de vítima poderá supoñer a revogación ou denegación do período de reflexión e permisos de residencia e traballo.

TÍTULO III

DO RÉXIME PENAL E PROCESUAL DA TRATA DE MULLERES

Medidas iniciais de investigación en relación coa trata de mulleres e coordinación de actuacións.


1. Ámbito policial

1.1. As forzas de seguridade encargadas da investigación penal dun delito de trata de seres humanos con fins de explotación sexual comunicaranllo de contado á Fiscalía Delegada de Estranxeiría da provincia, con remisión do atestado incoado para tales efectos e sen prexuízo de llo comunicar ao órgano xudicial competente para a instrución.

1.2. As forzas e corpos de seguridade (UCRIF) que en cumprimento das súas funcións de control de inmigración ou de investigación penal realicen inspeccións en locais de alterne, casas de masaxe, saunas ou calquera outro lugar onde se exerzan actividades relacionadas co comercio sexual, informarán ás potenciais vítimas en que concorran indicios de TSH dos dereitos recoñecidos nos arts. 59 e 59 bis da LOEs (ANEXOS I e II), practicarán un cuestionario sobre a súa situación (ANEXO III) e cubrirán un test de indicadores de ser vítima de TSH, todo isto en cumprimento do disposto na Instrución 1/2010 da Secretaría de Estado de Seguridade.

1.3. Do mesmo xeito, se no transcurso das ditas inspeccións se producen detencións ou conducións de cidadáns estranxeiros en situación irregular que deban ser comunicadas ao xulgado de garda, facilitaráselles a este e mais ao fiscal delegado de estranxeiría copia das referidas actas e do resultado das entrevistas realizadas ao abeiro do art. 59 bis da LOEs.

1.4. As mulleres vítimas de trata de persoas con fins de explotación sexual poderán ser identificadas de acordo con algún/s dos seguintes indicadores:

- 
- a) Presentación de documentación falsa.
 - b) Documentación acreditativa do aboamento de débedas ao explotador.
 - c) Constancia no seu pasaporte de data de entrada en espazo libre de circulación Schengen próxima ao momento da súa identificación (especialmente se transcorreron menos de tres meses desde a entrada).
 - d) Aparición dos seus nomes en conversas telefónicas previas.
 - e) Identificación do seu voo a través do billete de transporte ou adhesivo de facturación na súa equipaxe.
 - f) Existencia de contratos de hospedaxe ou documentos similares asinados polas vítimas.
 - g) Acreditación do aboamento do billete por parte do explotador.
 - h) Aloxamento no propio club.
 - i) Carencia de diñeiro e medios económicos.
 - j) Ausencia de posesión do billete de volta do seu pasaporte ou que esta documentación sexa custodiada polos seus explotadores.
 - k) Situación irregular en España.

- l) Mal estado físico ou psíquico (lesiões, desnutrición, síntomas de ansiedade, estrés, padecemento de infeccións...).
- m) Incapacidade ou dificultades para se comunicar no idioma do lugar en que se atopa.
- n) Presenza no local de cámaras de seguridade ou outros medios de vixilancia, tales como porteiros, controladores, etc.
- o) Calquera outro dato que sexa revelador neste sentido.

1.5. Unha vez identificadas conforme a algún ou algúns dos indicadores descritos, procederase da seguinte maneira:

- Á creación dun ambiente de confianza e seguridade para a vítima.
- Ao mantemento dunha entrevista para confirmar ou coñecer outros indicios acreditativos de trata ou explotación.
- A informala sobre a posibilidade de denunciar os feitos de que foi vítima e sobre o seu dereito a ser derivada a aqueles organismos que lle poidan dar asistencia mediante outros recursos.
- A informala sobre as previsións do art. 59 bis LOEs, a través dunha acta asinada polo funcionario actuante e pola propia vítima (se o desexa). A vítima será expresamente instruída de que a concesión do período de reflexión non se encontra condicionada á colaboración previa coas autoridades, así como da suspensión, durante o dito período, do expediente de expulsión.
- A vítima será informada de que non está obrigada a responder as preguntas que se lle formulen e de que pode terminar a entrevista en calquera momento.

1.6. Igualmente, con independencia de que a muller identificada como vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual optase ou non por colaborar coas autoridades, esta será derivada ás entidades e organizacións que segundo o presente protocolo e mediante a intervención da Secretaría Xeral da Igualdade sexan competentes para lle prestar asistencia sanitaria, psicolóxica, aloxamento, asesoramento xurídico, etc.

A vítima identificada terá dereito a:

- Que se lle facilite asistencia social, médica, xurídica e psicolóxica.
- Que se realice un estudo psicolóxico en relación con secuelas para a súa utilización na vía penal, que deberá ser asinado por dous peritos.
- Que se lle facilite un contacto permanente cun/cunha funcionario/a da Brigada de Estranxeiría para os efectos de control de seguridade persoal.

1.7. Unha vez realizada a entrevista persoal, se as FF.SS. confirman a existencia de indicios racionais de TSH con fins de explotación sexual, procederán da seguinte forma:

- Se a vítima fose identificada pola Brigada de Estranxeiría, esta elevará ao subdelegado de goberno para a súa resolución a oportuna proposta motivada sobre a concesión dun período de reflexión, incorporando un informe completo sobre a situación administrativa da vítima e as súas circunstancias.
- Se a vítima fose identificada por outras forzas de seguridade, estas remitiranlle á brigada de Estranxeiría competente un informe completo sobre a existencia de indicios razoables de TSH, ao que se anexará a petición dun período de reflexión, co fin de que esta a eleve ao subdelegado de goberno.

1.8. As persoas identificadas como vítimas de TSH recibirán o tratamento propio das vítimas de delitos violentos, con carácter preferente á súa condición de estranxeiras irregulares, procurando sempre o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Lectura e información dos dereitos previstos nos artigos 109 e 110 da Lei de axuizamento criminal.
- b) Información de dereitos previstos na Lei 19/1994 de protección de testemuñas e ocultación de identidade.
- c) A primeira declaración que se lles tome será sempre en condición de testemuñas, evitando calquera inxerencia de terceiras persoas que poidan estar relacionadas cos explotadores, e sen prexuízo de que en momentos posteriores se lles reciba declaración tras a eventual incoación de expediente sancionador.
- d) A Brigada de Estranxeiría adoptará no atestado as medidas de ocultación de identidade e domicilio previstas na LO 19/1994 de protección de testemuñas, sen prexuízo da súa ulterior ratificación ou revogación ante a autoridade xudicial competente.
- e) Comprometerase ao traslado das presuntas vítimas de TSH aos seus lugares de aloxamento, a centros sanitarios, a dependencias policiais e xudiciais e a cantos lugares deban acudir a fin do seu restablecemento e da colaboración coa xustiza.
- f) Se a testemuña manifestase a súa vontade inicial de presentar denuncia e de regresar de inmediato ao seu país, adoptaranse os medios necesarios para o seu traslado inmediato ao xulgado de garda co fin de que se ratifique ante presenza xudicial.

1.9. Unha vez elaborado o atestado remitiráselle unha copia á Sección de Estranxeiría da Fiscalía Provincial ou de Área correspondente, así como á autoridade xudicial competente, designando especialmente da forma reservada que prevé a LO 19/1994, as mulleres que optaron por facer uso do dito período de reflexión e as que prestaron a súa colaboración en sede policial.

1.10. Unha vez finalizado o período de reflexión, deberán informar á autoridade xudicial e fiscal competente sobre a decisión da vítima e achegar, de habela, unha copia da súa declaración en comisaría.

1.11. No caso de que se practicase acta de entrada e rexistro e se comprobase a existencia de mulleres estranxeiras exercendo o alterne en condicións laborais de abuso, deberase remitir o correspondente oficio policial á Inspección de Traballo para os efectos que procedan.

2. Ámbito de actuación das ONG.

2.1. As ONG que teñan coñecemento dunha persoa vítima de trata informaran do contido do actual art. 59 bis da LOEs.

2.2. As ONG que por intermediación da Secretaría Xeral da Igualdade subscriban o presente protocolo, deberán acudir aos chamamentos e peticións de axuda realizados polas autoridades competentes para o descubrimento deste delito —xudiciais, fiscais e policiais—, co fin de prestar a asistencia prevista neste protocolo ás vítimas de TSH.

2.3. Unha vez que acollan a vítima, facilitaranlle asistencia médica e psicolóxica, a través dos servizos públicos competentes ou dos seus propios recursos, así como aloxamento e mantenza e procurarán a súa recuperación e reinserción en todos os sentidos, persoal e laboral.

2.4. Garantirán a súa permanencia en lugares seguros alleos aos seus explotadores.

2.5. Facilitaranlles ás vítimas de TSH a asistencia de intérprete da súa lingua nativa que para tales efectos designe o departamento competente da Xunta de Galicia.

2.6. Facilitaranlle á vítima de TSH asistencia xurídica relativa tanto á investigación penal como á súa propia situación administrativa, informándoa de maneira clara e precisa do contido do art. 59 bis LOEs.

A designación de letrado para tales fins poderá ser realizada a través dos organismos competentes da Xunta de Galicia, que tamén garantirá o seu dereito a comparecer como parte na causa penal.

Para estes efectos, as administracións asinantes comprométese a arbitrar os medios necesarios para a creación dun corpo de letrados ao que se poida acudir para asegurar a dita asistencia.

Igualmente, as ONG e organismos competentes da Xunta velarán porque os/as letrados/as designados/as sexan persoas alleas aos explotadores.

2.7. Cando a vítima de trata precise de asistencia psicolóxica ou médica por razón deste delito, a ONG que a acolla informará á autoridade xudicial competente ou á fiscalía de estranxeiría das lesións físicas ou psicolóxicas que padece.

2.8. Durante o período de reflexión, as ONG que acollan a vítima de TSH deberán:

- Facilitar e garantir as medidas de protección indicadas nos parágrafos 2.1 a 2.6.
- Respetar a decisión da vítima.

- Remitirlle ao órgano xudicial competente e ao fiscal delegado de Estranxeiría un informe sobre as incidencias xurdidas durante a estancia da muller nos seus centros de aloxamento, en especial, en relación con posibles secuelas físicas e psicolóxicas, así como con eventuais situacións de risco por presións do contorno dos seus explotadores.
- Remitirlles ás autoridades xudiciais e fiscais competentes un informe relativo á decisión pola que optase a vítima.

2.9. Para calquera situación de risco ou presión sobre a muller, poderanse adoptar medidas de protección extraordinarias, tales como traslado a outra comunidade autónoma, contacto directo e permanente cun/cunha axente da Brigada de Estranxeiría, etc.

2.10. Una vez que a vítima optase por colaborar, as ONG conservarán baixo a súa custodia, coas debidas medidas de reserva e sixilo, os datos necesarios para a localización da vítima, tales como teléfonos, enderezo, etc., que facilitarán á autoridade xudicial se a vítima decidiu colaborar na persecución do delito.

2.11. As ONG que subscriban este protocolo comprométense a colaborar coa administración de xustiza en cantas notificacións e citacións se realicen ás vítimas de TSH.

2.12. En calquera momento en que a vítima cese na súa colaboración, as ONG advertirana das consecuencias dese acto, poñerano en coñecemento do xulgado e cesarán na súa obriga de manter localizadas as vítimas a disposición do xulgado.

2.13. O acollemento e asistencia ás vítimas de trata de seres humanos estenderase ás fillas e fillos da vítima menores de idade que se encontren en territorio nacional.

2.14. A través da administración competente, neste caso a Secretaría Xeral de Igualdade, e tras petición motivada do Ministerio Fiscal, procuraranse os medios para lles facilitar billete de ida e volta a España a estas mulleres cando a súa presenza sexa indispensable para declarar no xuízo oral.

Nestes casos, prestaráselles a asistencia necesaria durante a súa estancia en territorio español para tales efectos.

2.15. A través da Secretaría Xeral da Igualdade, facilitaráselles ás ONG un servizo de intérpretes que faciliten a comunicación coas vítimas de TSH.

3. Ámbito da inspección laboral

3.1. A inspección laboral desenvolverá no ámbito das súas funcións cantas dilixencias de investigación considere necesarias tanto no ámbito das súas competencias como no marco dunha investigación penal, para os efectos de detectar situación de explotación laboral no interior dos clubs de alterne.

3.2. Se a inspección laboral detectase situacións de explotación laboral no transcurso da súa actividade inspectora, poñerase en coñecemento inmediato da Fiscalía de Estranxeiría, sen prexuízo de llo comunicar á autoridade xudicial competente.

4. Ámbito xudicial

4.1. Os señores e señoras fiscais que reciban das correspondentes unidades das FFSS, ben na súa función de fiscais delegados, ben por traslado por parte do xulgado dunha causa penal, copia das actas de inspección realizadas con fins de control administrativo, deberán supervisar o cumprimento das previsións do art. 59 bis da LOEs, así como da Instrución 1/2010 da Secretaría de Estado de Seguridade (ou da correspondente previsión regulamentaria que a substitúa) co fin de comprobar que se esgotaron todas as vías para a identificación de presuntas vítimas, e poderán solicitar tanto das UCRIF como das ONG a práctica das dilixencias ou entrevistas reservadas que non se realizasen con aqueles estranxeiros nos que concorran indicios ou parámetros de seren vítimas de TSH.

4.2. Transcorrido o período de reflexión e se a vítima optou por colaborar, os fiscais solicitarán e velarán pola adopción das seguintes medidas:

4.2.1. Traslado das vítimas ao xulgado por parte das brigadas de estranxeiría e con garantías de seguridade.

4.2.2. Declaración da vítima a efectos de proba pre-constituída (arts. 448 e 777 da LACrim) en presenza do imputado/a e do seu letrado/a e preservando os datos da testemuña, así como evitando calquera comunicación visual coa/s persoa/s imputada/s.

Nestes casos, se as dilixencias permanecesen secretas, practícaranse estas dilixencias tras a adopción das medidas precisas para non prexudicar a declaración de segredo.

4.2.3. Información á vítima dos dereitos previstos nos arts. 109 e 110 da LACrim, así como dos previstos na LO 19/1994 e, de maneira especial, do contido do art. 59 bis, segundo a acta que se achega no ANEXO I.

4.3. No caso de que a vítima, tras declarar ou formular denuncia en comisaría, manifeste o seu desexo de regresar de forma inmediata ao seu país de orixe, os señores e señoras fiscais—ben sexa o encargado da causa, o de garda ou, particularmente, o fiscal delegado de estranxeiría—arbitrarán os medios necesarios para a súa inmediata ratificación ante presenza xudicial, ben sexa no xulgado de garda ou no xulgado onde se tramite a causa.

4.4. Igualmente, promoverán a práctica das dilixencias necesarias, tales como recoñecemento forense e/ou psicolóxico da vítima, coa urxencia e inmediatez que sexan necesarios e sen agardar o transcurso do período de reflexión, se coa dita espera existe risco de prexudicar o descubrimento de posibles lesións físicas ou psíquicas.

4.5. Tras a devandita declaración, se persiste no seu desexo de colaborar, outorgaráselle un estatuto especial, cuxo contido se describiu no Título II do presente protocolo, garantíndolle en todo caso a súa protección en aplicación da Lei orgánica 19/1994, do 23 de decembro, de protección a testemuñas e peritos en causas criminais.

4.6. Os señores e señoras fiscais velarán pola observancia dos dereitos e obrigas que conforman o estatuto de vítima de TSH con fins de explotación sexual e, en particular, poderán realizar as seguintes dilixencias:

- Elaboración de informes que lle remitirán á autoridade competente —ben sexa a Delegación do Goberno, ben sexa a Secretaría de Estado— con vistas a tramitar os permisos de residencia correspondentes por algunha das vías mencionadas anteriormente, é dicir, segundo o establecido nos artigos 59 e 59 bis da LOEs, arts. 31.3 e ss. da LOEs, arts. 45, 46 e 47 do Regulamento de estranxeiría e art. 6.2 a) e f) da Lei de asilo.
- Solicitude de implantación ou mantemento das medidas de asistencia, aloxamento, mantemento, sanitarias e psicolóxicas necesarias.
- Solicitude de adopción ou ratificación das medidas reguladas na LO 19/1994 e 35/1995.
- Información á vítima da posibilidade de perder este Estatuto en caso de que incumpra as súas obrigas.
- Comunicación á DEXTRA da situación destas testemuñas co fin de evitar eventuais expulsións acordadas por outras subdelegacións de goberno.

5. Ámbito de cooperación institucional.

5.1. A Brigada de Etranxeiría remitirá á sección especializada en Etranxeiría da Fiscalía Provincial e/ou de Área un informe periódico, cando menos anual, sobre a relación de clubs de alterne existentes na provincia e as inspeccións realizadas, que conterá unha valoración do risco da existencia no seu interior de mulleres vítimas de tráfico.

5.2. A Inspección de Traballo remitirá anualmente á Sección de Etranxeiría da Fiscalía Provincial e/ou de Área un informe relativo ás actas de inspección levantadas nos clubs de alterne ou outros locais relacionados coa industria do sexo.

5.3. A autoridade sanitaria competente remitirá igualmente á Sección de Etranxeiría da Fiscalía Provincial os informes elaborados no ámbito das súas competencias relativos ás condicións de hixiene e saúde dos locais ou establecementos onde se desenvolvan estas actividades.

5.4. As ONG remitiranlle á Fiscalía de Etranxeiría cantos informes consideren relevantes relativos a mulleres en situación de risco de trata.

5.5. A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, informará periodicamente aos órganos competentes para a investigación e represión do delito de TSH sobre os recursos persoais e materiais existentes para o desenvolvemento do período de reflexión, así como para a recuperación e rehabilitación das vítimas de TSH.



TÍTULO IV

PROGRAMA DE PREVENCIÓN E ASISTENCIA ÁS VÍTIMAS DA TRATA DE MULLERES

- Creación do Programa.

En virtude deste protocolo créase un Programa de prevención e asistencia de estrutura pública, especificamente dirixido ás vítimas da trata de persoas, no ámbito da Xunta de Galicia.

- Obxectivos e funcións do programa. Son obxectivos do Programa de prevención e asistencia ás vítimas da trata de mulleres:

- 
- 
- a) Previr a trata de persoas, prestando especial atención á trata de mulleres.
 - b) Promover a articulación interinstitucional entre organismos estatais, autonómicos e organizacións da sociedade civil cos fins de protexer e promover os dereitos das mulleres vítimas. A elección da ONG ou institución de acollida da vítima deberá ter en conta as recomendacións da Brigada de Estranxeiría para garantir a eficacia, a reserva e a discreción que son fundamentais para o éxito da investigación penal e a seguridade persoal da vítima.
 - c) Garantir a restitución de dereitos das vítimas da trata de persoas e o respecto e protección dos seus dereitos humanos.
 - d) Elaborar protocolos de traballo e asistencia interinstitucionais para a implementación de accións destinadas á asistencia e reintegración familiar e social das vítimas da trata de persoas e a mellorar a detección, persecución e desarticulación das redes de trata de persoas, articulando e optimizando os recursos dispoñibles.
 - e) Asegurar o acceso das vítimas da trata de persoas a servizos de atención integrais, accesibles e gratuítos de asistencia médica, psicolóxica, social e xurídica, previndo a súa revitimización.
 - f) Organizar capacitacións formativas e sensibilizacións dirixidas a distintos estamentos sobre a problemática, a súa prevención, tratamento e asistencia ás vítimas da trata de persoas, con perspectiva de xénero e de dereitos humanos.
 - g) Promover unha maior cooperación e intercambio de información entre as autoridades migratorias e as forzas de seguridade nacionais e estranxeiras.

- h) Participar no deseño daquelas políticas e medidas necesarias para asegurar a protección e a asistencia das vítimas da trata de mulleres.
- i) Implementar unha liña telefónica gratuíta co fin de recibir denuncias e inquietudes.
- j) Elaborar programas e campañas de concienciación pública destinadas a sensibilizar e a informar sobre a trata de persoas e a difundir medidas para a súa prevención.
- k) Promover a realización de estudos e investigacións sobre trata de persoas, así como a súa publicación periódica, entre organismos autonómicos e non gobernamentais.

TÍTULO V

DISPOSICIÓN FINAIS

1. Regulamentación. Este protocolo entrará en vigor nun prazo máximo de trinta (30) días, contados a partir da súa sinatura.

2. Comisión de seguimento. O seguimento da implantación e desenvolvemento deste protocolo será levada a cabo por unha comisión de seguimento integrada por:


- Unha persoa representante da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Unha persoa representante da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- Unha persoa representante da Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2012

Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia Fiscal Superior de Galicia



Dña Susana López Abella



D. Carlos Varela García

ANEXO I

FISCALÍA PROVINCIAL DE
OFICINA DE ATENCIÓN Á VÍTIMA
SECCIÓN DE ESTRANXEIRÍA

INFORMACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NO ART. 59 BIS LOES
(Estranxeiros en situación irregular vítimas de Trata de seres humanos)

En cumprimento do disposto no art. 5.10 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, esténdese a presente acta de información do contido do art. 59 bis da LOEs 4/2000 , segundo redacción da LO 2/2009 do 11 de decembro.

O estranxeiro en situación irregular no que concorran indicios razoables para crer que é vítima de trata de seres humanos será informado polos órganos competentes para instruír o seu expediente sancionador da posibilidade de obter a concesión dun período de restablecemento e reflexión de polo menos 30 días, co fin de decidir se desexa cooperar coas autoridades na investigación do delito e no procedemento penal.

Se o órgano competente para resolver a dita solicitude, neste caso o subdelegado do goberno, resolverse a súa concesión, autorizará a súa estancia temporal suspendéndose o expediente administrativo sancionador ou, no seu caso, a execución da expulsión ou devolución acordadas.

Igualmente darase traslado do expediente solicitando a súa inmediata posta en liberdade á autoridade xudicial que autorizou o seu ingreso no CIE.

Durante o período de reflexión terán garantidas as necesidades de subsistencia, seguridade e protección.

O período de restablecemento e reflexión poderá denegarse ou ser revocado por motivos de orde pública ou cando se invocase de forma indebida a condición de vítima.

Unha vez finalizado o período de reflexión, o subdelegado do goberno poderá declarar a exención da responsabilidade administrativa e se concederá á vítima a posibilidade de optar, á súa elección, polo retorno asistido ou a concesión dun permiso de residencia e traballo.

Se opta pola solicitude dun permiso de residencia e traballo, a comisaría xeneral de fronteiras elevará la proposta ao Secretario de Estado para a Seguridade, que poderá conceder un permiso provisional mentres non se tramite o definitivo.

Concederase esta posibilidade de exención de responsabilidade administrativa e concesión á súa elección da posibilidade de retorno voluntario ou de permiso de traballo ou residencia a aqueles estranxeiros nos que, a pesar de non ter colaborado na investigación do delito, concorran razóns humanitarias que así o aconsellen.

(Entregarase copia ao estranxeiro co selo da fiscalía)

(Quedará copia desta información na causa co selo da fiscalía e sinatura do estranxeiro, ben co seu nome ou con aquel que o identifique se é testemuña protexida)

ANEXO II

FISCALÍA PROVINCIAL DE
OFICINA DE ATENCIÓN Á VÍTIMA
SECCIÓN DE ESTRANXEIRÍA

ACTA DE INFORMACIÓN DO CONTIDO DO ART. 59 LOEs
(Estranxeiros en situación irregular vítimas de tráfico ilícito de seres humanos,
explotación laboral, tráfico ilícito de traballadores e prostitución)

En cumprimento do disposto no art. 5.10 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal,
esténdese a presente acta de información de dereitos ao cidadán/á ao estranxeiro/a en
situación irregular vítima das condutas descritas no art. 59 LOEs 4/2000, segundo
redacción da LO 2/2009, do 11 de decembro.

INFORMACIÓN DO CONTIDO DO ART. 59 LOEs

1. O estranxeiro/a en situación irregular en España que fose vítima, prexudicado ou
testemuña dalgún dos seguintes delitos:

- Inmigración clandestina ou tráfico ilícito de estranxeiros (actual art. 318 bis CP)
- Explotación laboral (actuais arts. 311, 312.2 CP)
- Tráfico ilícito de man de obra (actual art. 313 1.2, se non é de aplicación o art. 318 bis CP)
- Prostitución con abuso de situación de necesidade (art. 188 CP)

2. Sempre que se fosen cometidos no contexto do crime organizado e que denunciase,
colaborase ou cooperase coas autoridades competentes no proceso penal
correspondente.

3. Poderá acollerse ao disposto neste precepto legal e, en concreto, estará facultado
para:

- Solicitar dos órganos encargados da instrución do seu expediente administrativo sancionador a elevación á autoridade competente da proposta de arquivo deste e a exención da súa responsabilidade administrativa e da súa expulsión, así como a concesión do permiso provisional de residencia e traballo mentres non se resolva sobre a dita petición. Con tal finalidade, poderán presentar esta petición ante a brigada encargada da tramitación do seu expediente sancionador.
- Unha vez declarada a súa exención de responsabilidade administrativa poderán solicitar da autoridade competente a posibilidade de optar á súa elección entre o retorno asistido ao seu país de orixe ou autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais.

O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de revocar,
denegar ou non renovar o permiso solicitado ou concedido se a súa colaboración fose

fraudulenta ou se cesa na súa colaboración, así como se non reúnen os requisitos establecidos na LOEs e ROEx para a súa concesión ou renovación.

(Entregar copia da acta co selo da fiscalía á vítima)

(Aportar a autos copia da referida información coa sinatura da vítima e o selo da fiscalía)

ANEXO III

CUESTIONARIO PARA A IDENTIFICACIÓN DE VÍTIMAS DE TSH

(Lugar) _____, ás ____:____ horas, do día ____/____/____, polos Funcionarios do Corpo Nacional de Policía, titulares dos carnés profesionais números _____ e _____, pertencentes á _____ no inmoble denominado _____, rúa _____ esténdese a presente para FACER CONSTAR:

Que identifican a (NOME E APELIDOS) _____

Documento (NIE-PASAPORTE-etc.) número _____
Expedido con data ____/____/____, h/____ e ____ f/____/____/____ n/____, provincia de _____, nacionalidade _____
d/____ Telf.: _____

Quen de xeito LIBRE E VOLUNTARIO responde ás seguintes preguntas:

- Coñece o idioma español? SI / NON
Qué idiomas coñece? _____
Que estudos ten? _____
- Ten algún familiar ao seu cargo en España ou no seu país de orixe, fillos menores de idade, pais ou avós? _____
- Ten no seu poder a súa documentación, billete de viaxe de ida e volta, canto lle custou? _____
- Cal é a súa situación administrativa como estranxeira en España? _____
- Con que frecuencia visita ou contacta cos seus familiares? _____
- Onde vive, durme, come, canto lle custa e quen lle cobra, ten as chaves da súa casa ou habitación? _____
- Traballou noutras actividades en España ou fóra de España, de que vivía no seu país de orixe? _____
- Canto diñeiro recibe polo traballo realizado e en qué consiste o traballo (porcentaxe de beneficio), quen lle paga e con que periodicidade; canto diñeiro ten no seu poder? _____

- Ten algún contrato de traballo, que horario ten, cando descansa?

- Ten algún seguro médico?

- Sae a comprar con alguén, ten a posibilidade de facelo con total liberdade?

MANIFESTA:

Logo de ser informado/a dos diferentes recursos de apoio asistencial existentes como posible saída á súa situación persoal, así como dos dereitos como prexudicado/a ou ofendido/a, mediante a correspondente acta que se achega, asino esta, en unión do intérprete, no seu caso, do Instrutor, do que como secretario CERTIFICO.-

A xuízo dos funcionarios/as intervinientes a salientada reúne os seguintes INDICIOS¹ (indicar unicamente o/s número/s que corresponda/n coa relación achegada):

¹ Instrución 1/2010 SES e os INDICIOS numerados se corresponden cos salientados na Ficha ESTRANXEIRÍA SÍNTESE DO SISTEMA DA LOITA CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS Joaquín Sánchez-Covisa Villa, Fiscal de Sala, Coordinador de Estranxeiría

ANEXO IV

(Test de indicadores a realizar no transcurso dunha investigación penal)

INDICIOS REVELADORES de que a persoa é Vítima de Trata, os seguintes:

- 1. Documentación acreditativa do pagamento de débedas ao explotador.
- 2. Constancia no seu pasaporte da data de entrada no espazo libre de circulación Schengen.
- 3. Aparición dos seus nomes en conversas telefónicas anteriores.
- 4. Identificación do seu voo por medio do billete de transporte ou adhesivo de facturación na súa equipaxe.
- 5. Existencia de contratos-hospedaxe ou documentos similares asinados polas vítimas.
- 6. Acreditación do pagamento do billete por parte do explotador.
- 7. Aloxamento no propio club.
- 8. Carencia de diñeiro e medios económicos.
- 9. Ausencia da posesión do billete de volta do seu pasaporte ou que esta documentación sexa custodiada polos seus explotadores.
- 10. A vítima foi vista exercendo o alterne e a prostitución en ocasións diferentes nos mesmos ou diferentes clubs xestionados polos implicados na rede que se está a investigar.

INDICIOS XERAIS:

- 11. Carencia de documentos de identidade (en especial o pasaporte) e de inmigración (visados, permisos de residencia, etc.)
- 12. Documentos falsos.
- 13. Ausencia o escaseza de diñeiro, ou ausencia de control sobre este.
- 14. Illamento e incapacidade de comunicarse libremente con familiares, membros da súa etnia ou comunidade relixiosa.
- 15. Custe excesivo pagado e/ou esixido pola súa viaxe (débeda).
- 16. Illamento social: limitación do contacto con persoas alleas aos tratantes.
- 17. Sometemento a medidas de control/ vixilancia para garantir que este sexa só superficial.
- 18. Incapacidade ou dificultades para comunicarse no idioma do país no que se atopa, particularmente, se a súa estadía xa é prolongada nel.
- 19. Sufrimento de abusos verbais, psicolóxicos e/ou físicos co fin de intimidala, degradala ou atemorizala.

INDICIOS RELATIVOS AO SEU ENTORNO:

- 20. As vítimas son mantidas baixo vixilancia e/ou control.
- 21. As vítimas mostran unha relación de dependencia respecto a outras persoas homes e mulleres, no ámbito da súa vida cotiá.

INDICIOS CONDUCTUAIS NON VERBAIS:

- 22. As vítimas presentan reticencias ou desgana á hora de falar e se pode observar que menten ou actúan seguindo instrucións.
- 23. Presentan unha aparencia desaliñada, descoidada, así como rastros de maltrato (moratóns ou outros signos de golpes, indicios de violación ou abuso sexual, cortes, mazaduras, queimaduras).
- 24. Nótaselles ansiosas, con medo e/ou especialmente susceptibles ou impresionables.
- 25. Están extremadamente nerviosas; en especial, se un acompañante que soe actuar como “tradutor” e forma parte da rede de trata, está presente durante a entrevista ou interacción.

INDICIOS VERBAIS:

- 26. Poden expresar medo e preocupación pola súa situación ou da súa familia, ben sexa no país de orixe ou noutro.
- 27. Dan respostas evasivas o mostran temor, especialmente ante persoas que poderían ser o seu tratante ou parte da rede criminal.
- 28. No caso de MENORES DE IDADE a información pode ser pouco clara en relación ao parentesco dos seus “coidadores”, din estar acompañados por familia extensa pero non é claro.

INDICIOS RELATIVOS Á SERVIDUME POR DÉBEDAS:

- 29. Situación de servidume por débeda, as vítimas se atopan baixo presión para pagala ou manifestan un compromiso de honor para satisfacela.
- 30. Danos ou feridas relacionados con accidentes de traballo, que se desenvolve en condicións duras ou perigosas (cicatrices, problemas crónicos, de costas, perdas de audición, visuais, respiratorias, cardiovasculares).

INDICIOS RELATIVOS A MENORES VÍTIMAS DE TRATA:

- 31. Problemas emocionais: depresión, ansiedade, baixa autoestima, illamento, fantasías excesivas, condutas regresivas, falta de control emocional, fobias repetidas e variadas, problemas psicosomáticos, sentimentos de culpa o vergonza extremos.
- 32. Problemas condutuais: agresións, fugas, condutas delitivas, consumo excesivo de tabaco, alcohol e drogas.
- 33. Condutas autodestrutivas, como automutilacións ou intentos de suicidio.

Indicadores condutuais sexuais:

- 34. Condutas e coñecementos sexuais impropios para a súa idade, como condutas sexualmente obsesivas, sedutoras, agresións sexuais a outros nenos máis pequenos ou iguais.
- 35. Problemas no desenvolvemento cognitivo relacionados co absentismo escolar, alteracións no desenvolvemento da linguaxe, problemas de atención, fracaso escolar o hiperactividade.

Indicadores físicos de abuso sexual:

- 36. Dificultade para camiñar ou sentarse, lesións, desgarrs, mazaduras nos órganos sexuais, irritación da área ano-xenital, infeccións en zonas xenitais e urinarias; enfermidades de transmisión sexual, embarazo precoz, dificultades manifestas na defecación, enureses o encopreses.
- 37. Debido á negligencia por parte dos seus coidadores poden presentar problemas de saúde relacionados co seu crecemento.

Logo de ser informado/a dos diferentes recursos de apoio asistencial existentes como posible saída á súa situación persoal, así como dos dereitos como prexudicado/a ou ofendido/a, mediante a correspondente acta que se achega, asina esta, en unión do intérprete, no seu caso, do Instrutor, do que como Secretario CERTIFICO.-

A xuízo dos funcionarios/as intervinientes a salientada reúne os seguintes INDICIOS² (indicar unicamente o/s número/s que corresponda coa relación achegada): _____.

² Instrución 1/2010 SES e os INDICIOS numerados se corresponden cos salientados na Ficha ESTRANXEIRÍA SÍNTESE DO SISTEMA DA LOITA CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS Joaquín Sánchez-Covisa Villa, Fiscal de Sala, Coordinador de Estranxeiría.

ANEXO V

(Test de indicadores a cubrir no caso de inspeccións preventivas)

INDICIOS XERAIS:

- 1. Carencia de documentos de identidade, en especial do pasaporte e de inmigración (visados, permisos de residencia, etc.).
- 2. Documentos falsos.
- 3. Ausencia o escaseza de diñeiro, ou ausencia de control sobre este.
- 4. Ausencia de billete de retorno.
- 5. Illamento social: limitación do contacto con persoas alleas aos tratantes.
- 6. Aloxamento no propio club ou na vivenda facilitada polos seus donos ou encargados.
- 7. Incapacidade ou dificultades para comunicarse no idioma do país no que se atopa, en particular, se a súa estancia xa é prolongada nel.
- 8. Mal estado físico ou psicolóxico (descoído, desnutrición, enfermidade, signos de agresión física...).
- 9. Estado de ansiedade, medo, susceptibilidade.
- 10. Mostran preocupación pola súa situación ou a da súa familia nos seus países de orixe.
- 11. Dan respostas evasivas ou mostran temor, especialmente ante persoas que poderían ser o seu tratante ou parte da rede criminal.
- 12. Foron vistas exercendo a prostitución e/ou o alterne con motivo de controis anteriores no mesmo club ou noutros vinculados aos mesmos propietarios ou encargados ou ao mesmo grupo de sociedades.